



Nuevas perspectivas literarias y culturales (I CIJIELC)

R. Hernández Arias, G. Rivera Rodríguez, S. Cuba López y D. Pérez Álvarez (Eds.)

MACC - Grupo de investigación ELICIN


2016

Hernández Arias, R.; Rivera Rodríguez, G.; Cuba López, S. y D. Pérez Álvarez (Eds.) (2016)
Nuevas perspectivas literarias y culturales (I CIJIELC). Vigo: MACC-ELICIN.

Formato: Digital. Descarga. Disponible en: <https://cijielc.wordpress.com/actas/>

ISBN: 978-84-608-6759-3

Edición digital a cargo del Grupo de Investigación ELICIN de la Universidade de Vigo



Universidade de Vigo



Nuevas perspectivas literarias y culturales (I CIJIELC)

R. Hernández Arias, G. Rivera Rodríguez, S. Cuba López y D. Pérez Álvarez (Eds.)

MACC - Grupo de investigación ELICIN

Universida_deVigo



Índice

Índice	3
Prólogo	9
El cuerpo. Teratología en literatura y cine	11
Carlota Visier Pérez	
1. Teratología	13
2. Escritores de teratología	13
3. Correlato visual: cinematografía	15
Bibliografía	19
Abrir los cuerpos; dramatizar la memoria. Espacios y travestismos en la dramaturgia	20
Pablo Aros Legrand	
1. Quebrar las máscaras	22
2. Espacios y movimientos: relación de <i>Cinema Utoppia</i> y <i>La secreta obscenidad de cada día</i>	25
3. Rasgar el velo/telón: conclusiones	29
Bibliografía	30
Transmisión de motivos épicos al teatro barroco: la comedia	
<i>Favores que hizo Dios al señor conde Fernán González</i>	31
Alberto Escalante Varona	
Introducción	32
1. Un texto plagado de incógnitas	32
2. Nuevas lecturas sobre la composición	33
Conclusión	38
Bibliografía	40
A corporalidade en <i>L'Espurgatoire Seint Patriz</i> de María de Francia	41
Óscar Collazo Rodríguez	
Introducción	43
1. O <i>descensus</i> e a tradición de visións	45
2. A conflictividade do corpo en <i>L'Espurgatoire Seint Patriz</i>	48
Conclusión	51
Bibliografía	52

<i>Náufragos do paradiso</i> e a narrativa de Thomas Bernhard	54
Laura Piñeiro Pais	
1. Thomas Bernhard, “o espírito irmán”	55
2. <i>Náufragos do paradiso</i>	57
3. <i>Náufragos do paradiso</i> e a narrativa de Thomas Bernhard	59
Conclusión	62
Bibliografía	64
Do espazo e do tempo históricos en <i>Resistencia</i> , de Rosa Aneiros	65
Diego Rivadulla Costa	
Bibliografía	77
El relato cinematográfico en las revistas literarias <i>Árbol de Letras</i> , <i>Cormorán</i> y <i>La Quinta Rueda</i>	78
José Andrés Gato Seoane	
Bibliografía	87
O diversificado entrecruzamento das concepcións teatral e muralística en <i>El nacimiento del teatro argentino</i> de Luis Seoane	88
María Micaela Rei Castro	
Bibliografía	96
Adolfo de Castro y la reescritura romántica de Álvaro de Luna	97
Fátima Codeseda Troncoso	
Bibliografía	104
El Romanticismo y la recuperación de la materia medieval: el caso de J. Morán	105
María Ceide Rodríguez	
Bibliografía	113
El mito de don Juan en el Romanticismo: Las interpretaciones de Søren Kierkegaard y de Franz Liszt de la ópera <i>Don Giovanni</i> de Wolfgang Amadeus Mozart	114
Pablo Rodríguez Fernández	
Introducción	116
1. Don Juan como protagonista de un mito interartístico	117
2. El análisis kierkegaardiano del personaje de Don Juan	118
3. La reescritura de Liszt	120
Conclusión	123
Bibliografía	124
Poetas en la dictadura chilena: las heridas abiertas en la poesía de Carmen Berenguer	125
Cándido Pino Lago	
Bibliografía	133

Juegos infantiles en el mundo literario de Pérez Galdós	134
Yuqi Wang	
1. Los juegos infantiles y la literatura	135
2. Juegos infantiles en la obra galdosiana	136
3. El juego simbólico en <i>Rompecabezas</i>	141
Conclusión	142
Bibliografía	143
Problemas y vicisitudes en torno a la figura del mariscal de Castilla, Pero García de Herrera	144
Paula Díaz Prieto	
Bibliografía	153
Las modalidades del debate en la tradición lírica medieval	154
Tania Vázquez García	
1. Antecedentes y caracterización genérica	156
2. La performance	158
3. Caracterización formal	159
4. Caracterización conceptual	160
Bibliografía	164
Pioneras y literatura en la Residencia de Señoritas	166
María Curros Ferro	
Bibliografía	176
Miguel de Unamuno: autor de la eternidad <i>nivolesca</i> en el paratexto de <i>Amor y pedagogía</i>	177
Lidia Sánchez de Las Cuevas	
Introducción	179
1. <i>Nivola</i> y creación literaria	180
2. Análisis de los dos prólogos: intención y figuras unamunianas	181
Conclusión	185
Bibliografía	187
La prensa satírica de los años 1930: el caso de <i>Gutiérrez</i>	188
Víctor Benavides Escrivá	
Introducción	190
El ejemplo de <i>Gutiérrez</i>	191
Conclusión	196
Bibliografía	197
<i>Eyes Wide Shut</i> de Stanley Kubrick: relatos soñados y deseos encadenados	198
José Manuel López Fernández	
1. Relatos soñados	201
2. Deseos encadenados	202
3. Lindes espectrales	205
Bibliografía	207

Unha achega ao catálogo das Edicións do Castro: os Cadernos do Seminario de Sargadelos	208
Leticia Quintás Pérez	
Introdución: O proxecto empresarial de Isaac Díaz Pardo	210
1. Os Cadernos do Seminario de Sargadelos: unha colección dentro das Edicións do Castro	213
2. Temas na colección dos Cadernos do Seminario de Sargadelos	214
Conclusión	219
Bibliografía	220
Clasificación temática dos Cadernos do Seminario de Sargadelos	221
El realismo brutal de las narrativas contra el feminicidio: <i>Chicas muertas</i> como ejemplo paradigmático de novela de no-ficción	225
María Alonso Alonso	
Bibliografía	234
Opresión y violencia en <i>La seca y otros cuentos</i> , de Renée Ferrer	235
Vanesa Fernández Campos	
Bibliografía	246
Simultaneidad, punto y conciencia en <i>Ayer</i> , de Juan Emar	247
Sonia Rico Alonso	
Bibliografía	256
Una mirada que no captura: W. H. Hudson a través de Ricardo Piglia	257
Lucía Maudó García	
Bibliografía	264
El vídeo como herramienta de trabajo para la compañía <i>mala voadora</i>	265
Amaya González Reyes	
Bibliografía	274
Galicia vista como paisaje fantástico y maravilloso en la narrativa de José María Merino a través de “Expiación” y “El Peregrino”	275
Luis Miguel Robledo Vega	
1. Una nueva concepción de la literatura	277
2. Lo fantástico y lo maravilloso	278
3. El camino de Santiago: un espacio fantástico	279
Conclusión	282
Bibliografía	284
Cuando se desplomen los puentes: Relación entre el pensamiento estético de Samuel Beckett y Anton Webern	285
Jesús Moares Lameiro	
1. Los estudios sobre Beckett y la música	288
2. Los puentes	291
Bibliografía	293

La importancia del espacio en torno a la imagen de la mujer lectora en la novela realista y naturalista española	294
Pedro García Suárez	
Bibliografía	301
Lo bello, lo enfermo y lo terrible: el cuerpo como un texto neobarroco en la narrativa de Silvina Ocampo	302
Raisa Gorgojo Iglesias	
Bibliografía	312
Júlio Dinis: autor del siglo XIX portugués	314
Marlén Sedano Fernández	
1. El contexto histórico	315
2. El autor	315
3. Las obras	316
4. Los seudónimos	318
Bibliografía	320
Metáfora y memoria: la esencia del cuento. Del lenguaje a la enseñanza	321
Irene Romo Poderós	
Introducción	323
1. Metáfora y literatura	323
2. Metáfora y memoria	326
3. Metáfora y enseñanza	328
4. Magos como transmisores de metáfora	330
Conclusión	331
Bibliografía	333
<i>Cuando amaban las tierras comuneras: las mujeres y el patriarcado</i>	335
Jorge García Izquierdo	
Introducción	337
Dos tipos de patriarcados	338
Conclusión	344
Bibliografía	345
La lírica excéntrica o el reseteo del sujeto poético en Jorge Richmann	346
Javier Mohedano Ruano	
Introducción	348
1. La batalla por la hegemonía de las identidades	349
2. La enunciación descentrada en la escritura poética de Riechmann	350
3. El marco teórico del reseteo de las identidades	352
Bibliografía	354
Perseverancia de los cuerpos: comentario a un poema de Olvido García Valdés	355
Andrea Toribio Álvarez	
Bibliografía	365

“Sin consumirte ardiendo hacia el futuro”: modernidad y clasicismo en <i>Alondra de verdad</i> de Gerardo Diego	366
Laura García Sánchez	
1. La intersección previa al vuelo	368
2. La altura de la alondra: del creacionismo a la mística	369
3. Dimensiones de un vuelo insomne	371
4. El perfil artístico de una alondra: cine, cubismo y literatura clásica	373
Conclusión: una síntesis atemporal	375
Bibliografía	376



Prólogo

[...] O I CIJIELC abarca dous campos de estudo moi amplos: os literarios e os culturais; estes últimos son, na actualidade, unha aposta segura na investigación universitaria, xa que a partires deles poden aunarse moi diferentes áreas, tanto das humanidades como das ciencias sociais, que permiten realizar investigacións moito máis amplas e dirixidas a máis personas. [...]

Cuando un año después de estas palabras, rescatadas de la memoria científica del I CIJIELC, podemos ya hacer balance del evento, no puede sino escapársenos una sonrisa de satisfacción y agradecimiento. Estamos satisfechos por la gran difusión que ha tenido este congreso, pionero en Galiza, al ser capaz de congrega a más de cincuenta jóvenes investigadores. Estamos satisfechos porque entre ellos no sólo había filólogos, no sólo había especialistas en artes escénicas, no sólo había musicólogos, no sólo había estudiosos de los medios audiovisuales..., sino que todos ellos estaban allí juntos. Estamos satisfechos de todo ello pero, sobre todo, estamos agradecidos, y mucho, a todos vosotros: mentores, facilitadores, colaboradores, asistentes y, más que a ninguno, a vosotros, comunicantes del I CIJIELC.

Ya hace algunos años que los estudios de doctorado están cambiando. Todos nosotros hemos sido testigos de ello desde nuestros primeros años de estudios, cuando todavía se podía decidir si dedicar tres o cinco años a la etapa de formación universitaria. Para adaptarnos al espacio europeo, al espacio mundial, de educación superior hemos prorrogado la formación investigadora a la etapa de posgrado y con ello, hemos motivado la aparición de nuevas necesidades, adaptadas a los nuevos espacios y programas, que permitan al joven investigador completar su formación a la vez que desarrolla sus tareas investigadoras.

El congreso, que es por definición el espacio de diálogo del académico, no podía sino saldar esta deuda y convertirse en una de las primeras iniciativas estables derivadas de estos nuevos programas. Durante los últimos años, muchas facultades han comenzado a ceder a sus investigadores en formación el liderazgo de eventos pensados por y para iniciar la carrera científica. Al organizarlos, no sólo se adquiere una experiencia inestimable en el manejo de la burocracia universitaria, sino que además se establecen nuevas redes de contacto; cuando el personal en formación del Grupo de investigación ELICIN decidió convocar el I CIJIELC lo hizo dirigiéndose especialmente al noroeste de la península, al que suponía más dispuesto a desplazarse al lluvioso Vigo de febrero; cuando convocó a los estudiosos de literatura y cultura, lo hizo pensando en aunar a una veintena de jóvenes entusiastas. Nuestras expectativas, sin duda, se vieron ampliamente rebasadas: doctorandos e investigadores independientes de muy diversos puntos de España y alguno extranjero enviaron sus fabulosas propuestas. La lista final, de cincuenta y nueve propuestas aceptadas, fue una grata sorpresa que, sin duda, nos proporcionó las fuerzas necesarias para acometer el trabajo de organización que supuso, en muchas ocasiones, un absoluto reto para nuestros nervios y capacidades.

Durante los tres días que duró el evento estuvimos totalmente concentrados en hacer que todo funcionara lo mejor posible y, aunque se presentaron algunos problemas, nos sentimos muy satisfechos del resultado. El volumen de los retrasos y cancelaciones fue mínimo y la retransmisión en directo a través de UVIGO TV nos permitió llegar a muchas más personas de las que habríamos imaginado. Durante el evento, además, tuvimos la oportunidad de entablar conversación con muchos investigadores en nuestra misma situación, de dialogar con ellos no sólo acerca de nuestras investigaciones individuales, sino sobre todo de los problemas y preguntas que se le plantean a aquel que inicia la carrera científica. De esta preocupación, deriva la celebración del I Simposio de Investigadores en Estudios Literarios y Culturales, en el que nos reuniremos para compartir impresiones e ideas sobre la carrera científica, los currículos, las publicaciones, los méritos, las líneas y métodos de investigación y, también, por supuesto, sobre los resultados.

El I CIJIELC, del que a continuación publicamos una selección de trabajos, ha supuesto un gran empuje para nosotros, investigadores en formación de ELICIN. Esperamos que estas Nuevas perspectivas literarias y culturales sean tan sólo el primero de muchos volúmenes de trabajos que, a lo largo de los próximos años, permitan a los jóvenes investigadores reunirse en el noroeste de la península para conocerse y darse a conocer.

La selección de artículos que presentamos a continuación, como nuestro evento, es extremadamente dispar, abarca temáticas muy diversas, difíciles de unir y de enlazar. Para añadir nostalgia a la publicación, nostalgia de la lluvia persistente del CUVI, hemos ordenado las contribuciones por orden de presentación en el evento. Cada uno de los artículos, licenciado mediante Creative Commons (Reconocimiento+NoComercial+CompartirIgual), está construido en forma de separata para que pueda extraerse a la hora de presentarlo a las convocatorias de méritos. Queremos resaltar el duro trabajo de todos los evaluadores y contribuidores del volumen, ya que hemos ajustado los plazos con el objetivo de publicar las actas en el mismo año de celebración del congreso. Sin la atención al detalle que cada uno de ellos ha puesto en su trabajo, no habría sido posible presentar el siguiente volumen, que está disponible en <http://www.cijielc.wordpress.com/actas>.

Rocío Hernández Arias



A corporalidade en *L'Espurgatoire Seint Patriz* de María de Francia

Óscar Collazo Rodríguez
(Universidade de Santiago de Compostela)

oscar.collazo@usc.es

Resumen: Una de las novedades más importantes que presenta *L'Espurgatoire Seint Patriz* de María de Francia es la de conducir a su protagonista por el otro mundo haciendo uso de la corporalidad, del cuerpo, y no solo del alma como había sido habitual en los siglos anteriores. En este sentido, *L'Espurgatoire* presenta una modificación decisiva en la tradición medieval de los relatos de visiones, rompiendo con el fenómeno de la muerte aparente instituido por Gregorio Magno en sus *Diálogos*, que alcanzará y posibilitará, en su medida, la *Commedia* de Dante. Sin embargo, la alteración de un rasgo tan esencial como es el dualismo metafísico cristiano habría conducido a una cierta controversia acerca de la pertenencia de este relato al acervo de textos hagiográficos de visiones transmundanas. Por eso, en este lugar nos posicionamos en torno a la naturaleza de tan singular obra, en virtud de un análisis histórico-literario sobre el papel que ha jugado la corporalidad en la traducción de María de Francia al francés anglo-normando.

Palabras clave: María de Francia, literatura de visiones, muerte aparente, corporalidad, *L'Espurgatoire Seint Patriz*

Resumo: Unha das novidades máis importantes que presenta *L'Espurgatoire Seint Patriz* de María de Francia é a de conducir ao seu protagonista polo outro mundo facendo uso da corporalidade, do corpo, e non só da alma como fora habitual nos séculos anteriores. Neste sentido, *L'Espurgatoire* presenta unha modificación decisiva na tradición medieval dos relatos de visións, rachando co fenómeno da morte aparente instituído por Gregorio Magno nos seus *Diálogos*, que alcanzará e posibilitará, na súa medida, a *Commedia* de Dante. Sen embargo, a alteración dun trazo tan esencial como é o dualismo metafísico cristián conduciría a unha certa controversia acerca da pertenza deste relato ao acervo de textos haxiográficos de visións transmundanas. Por iso, neste lugar situámonos en torno á natureza de tan singular obra, en virtude dunha análise histórico-literaria sobre o papel que ten xogado a corporalidade na tradución de María de Francia ao francés anglo-normando.

Palabras chave: María de Francia, literatura de visións, morte aparente, corporalidade, *L'Espurgatoire Seint Patriz*

Abstract: One of the most important novelty in *L'Espurgatoire Seint Patriz of Marie of France* is to lead his protagonist on the other world using the corporeality, the body, and not only through the soul as it has been customary in previous centuries. In this regard, *L'Espurgatoire* shows a decisive change in the medieval tradition of tales of visions, breaking the phenomenon of apparent death instituted by Gregory the Great in his *Dialogues*, which will reach and enable, in its measure, the *Commedia* of Dante. However, altering such an essential feature as the Christian metaphysical dualism would have led to some controversy about the belonging of this tale to the body of hagiographical texts of the other world's visions. For this reason, here we will define our position around the nature of this singular work, under an historical-literary analysis about the role of corporeality in the translation of Marie of France to Anglo-Norman French.

Keywords: Marie of France, literature of visions, apparent death, corporeality, *L'Espurgatoire Seint Patriz*

Introdución

María de Francia foi a primeira muller da que teñamos constancia trala actividade lírica das *trobairitz*¹ que escribe nunha lingua distinta do latín. A súa obra recolle tipoloxías diversas da narrativa breve, que se condensan nas tres composicións que lle foron tradicionalmente atribuídas: as *Fables*, os *Lais* e, na que eu teño centrado o proxecto deste traballo, *L'Espurgatoire Seint Patriz*. Esta obra é unha tradución a francés anglo-normando doutra obra latina homónima², conservada nun único manuscrito³, na que se narra o periplo do cabaleiro Owein polas estancias do Purgatorio e o Paraíso. Mais, malia que se trate dunha translación a romance, moi fiel nalgunhas pasaxes e algo libre noutras, *L'Espurgatoire* vai dar mostras dun significativo distanciamento de toda a tradición anterior de visións do outro mundo⁴, tanto latina como vernácula. Algo que, segundo considero, alcanzará e posibilitará, na súa medida, a *Commedia* de Dante.

Este distanciamento débese a varios motivos, pero, de entre todos eles, unha das máis importantes novidades que presenta esta obra ao respecto das narracións precedentes é a de conducir polo outro mundo ao seu protagonista utilizando para iso tamén o seu corpo e non só a alma, como era habitual na época anterior. Por iso podemos afirmar que neste relato nos atopamos cunha modificación decisiva de certos elementos que conformaban esta tradición literaria, que implica a aceptación dunha perspectiva antropolóxica descoñecida, ou en desuso, ata o momento. E este é, principalmente, o problema que tratarei de amosar neste lugar, tendo en conta que para poder levar a cabo este peculiar estudo existen dúas importantes dificultades ás que deberemos facer fronte.

o Este traballo enmárcase no Proxecto FFI2014-55628-P titulado “Voces de mujeres en la Edad Media: realidad y ficción (siglos XII-XIV)”, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade. A súa IP é a Dra. Esther Corral Díaz.

Existen diferentes transcricións paleográficas do Ms. BnF 25407 que, en termos amplos, difiren na súa lectura do texto en francés-anglonormando. A edición manexada neste lugar é a de Y. de Pontfarcy (1995), malia que tamén se teñan realizado traducións a diversas linguas, como a de M.J. Curley ao inglés ou a de A. Micha, baseada no traballo de Jenkins de finais do século XIX, ao francés. Recentemente, G. Lachin (2003), apoiándose nos estudos de Jenkins, Warnke e Pontfarcy, publica a súa edición en italiano, lingua de destino así mesmo do estudo de S. Maura (2004), onde se reúne o aparato crítico e hipóteses paleográficas dos seus predecesores

1 Para unha primeira aproximación a esta cuestión, véxase Bec, 1979; Bogin, 1978; Bruckner, 1992; Paden, 1989; Rieger, 1991; Riquer, 1994; e Vázquez, 2015.

2 O *Purgatori Sancti Patricii*, que orixinalmente foi escrito en latín polo monxe cisterciense “H.”, identificado cos nomes de Henry ou Hugh (Owen, 1970, p.38), da abadía de Saltrey, Huntingdonshire, Inglaterra.

3 Trátase do Ms. BnF 25407, de finais do século XII ou comezos do XIV, que, segundo informa Pontfarcy (1995, pp.19-22), foi vendido nun primeiro momento aos Países Baixos, para logo ser obsequiado a Luís XV o 24 de abril de 1756 por un canónigo de Notre-Dame.

4 A bibliografía dispoñible sobre a literatura de visións é moi ampla, polo que referimos algúns dos estudos máis relevantes: Amat, 1985; Aubrun, 1980; Carozzi, 1994; Dinzelbacher, 1981; Ebel, 1968; Owen, 1970; Patch, 1956; Pomel, 2001; Segre, 1990.

Collazo Rodríguez, Óscar (2016) “A corporalidade en *L'Espurgatoire Seint Patriz* de María de Francia”. En R. Hernández Arias, G. Rivera Rodríguez, S. Cuba López y D. Pérez Álvarez (Eds.) *Nuevas perspectivas literarias y culturales (I CIJIELC)*. Vigo: MACC-ELICIN. ISBN: XXXXXXXXXXXXXXX

Por unha banda, os diversos estudos que teñen analizado esta narración non lle deron a esta cuestión unha relevancia especial, malia que a novidade que se presenta é evidente. A investigadora Fabienne Pomel, por exemplo, na súa tese doutoral do ano 1997, sostén que se ben nos relatos de visións medievais podemos rexistrar certas innovacións producidas ao longo dos séculos, a admisión do corpo no seo das paraxes ultramundanas que se manifesta no *L'Espurgatoire Seint Patriz* é só unha máis, de tantas outras, comparable á presenza alegórica dunha ponte sobre un río de lava ou á ritualización que algúns relatos esixen para poder acceder ao outro mundo⁵. Máis adiante indica, non obstante, que algunhas narracións, como a do cabaleiro Owein, “explorent de nouvelles formules mais le climat intellectuel de controverse sur la corporéité des lieux de châtements et la nature des visions et représentations de l'au-delà remet en question les fondements même du genre” (Pomel, 2001, p.33), pero esta investigadora apenas inspecciona esta interesante vía, restándolle importancia a un feito que nós consideramos decisivo.

Isto supón que, en termos prácticos, carezamos de información sobre a evolución literaria, se a houbera, das concepcións do ser humano que teñen ficado escritas nos relatos de visións. O que parece claro é que o *L'Espurgatoire* é a segunda obra⁶, da que teñamos coñecemento dende que este xénero literario adquire unha entidade propia no século VI⁷, na que o protagonista do relato accede ao outro mundo con todo o seu ser, espiritual e material. Pero, se a este respecto a crítica o ten estimado como unha cuestión irrelevante, a nosa tarefa convértese necesariamente neste punto nun pedregoso camiño de solitaria investigación. É certo que, neste sentido, debemos mencionar a tese doutoral de Peter de Wilde, xurdida do seu interese por caracterizar con maior profundidade a corporalidade de *L'Espurgatoire* e avanzar nesta singular liña. Como ben indica e reconece este autor, “jusqu'à nos jours, la critique n'a pas séparé les deux – qui effectivement, se ressemblent – [refírese ao viaxe en corpo ou en alma] et s'est contentée d'y voir l'expression d'une même *forme naturelle*” (Wilde, 2000, p.61). Mais as súas conclusións, así e todo, non nos parecen moi viables, na medida en que este autor considera que *L'Espurgatoire* non pode ser xa adscrito á tradición literaria das visións medievais, por causa da súa insólita inclusión⁸. Para o resto de investigadores, en fin, parece pouco importante que a visita se realice só en alma ou tamén co corpo, pois semella que, a un nivel estritamente literario, aquel motivo só é algo accesorio ou secundario na trama narrativa ou alegórica do relato.

O segundo atranco que deberemos afrontar é de natureza moito máis abstracta. Unha obra literaria, como calquera outro produto cultural, non emerxe casualmente no seo dunha sociedade nin se xera accidentalmente con categorías do pensamento que lle sexan estrañamente familiares. Ao contrario, é a

5 En efecto, “si Owein, dans le *Purgatoire de Saint Patrick* suit des pratiques et un parcours analogue à celui de Timarque, c'est désormais avec son corps. Les paramètres ont changé et continuent de changer au cours du Moyen Age” (Pomel, 2001, p.25).

6 Na *Peregrinatio Sancti Brendani* de Benedeit, de comezos do século XII, o protagonista tamén accede ao outro mundo utilizando para iso o seu corpo (para unha primeira aproximación (Bartoli, 1993; Corbella, 1991, 1994, 1996; Orlandi, 2014).

7 Malia que para a tradición apocalíptica cristiá, como acontece na *Visio sancti Pauli*, a introdución do corpo no máis alá non sexa algo extraordinario, aquí consideraremos aos relatos de visións propiamente medievais a partir da súa institucionalización mediante o fenómeno da morte aparente utilizado polo papa Gregorio Magno no libro IV dos seus *Dialogi* (Carozzi, 1994, pp.43-98).

8 Para este investigador, “la différence entre le voyage fait *en vision* (ou même en songe) et le voyage corporel n'est pas uniquement une question de vocabulaire ; c'est aussi, nous croyons, une question de perception du monde et de valeur narratologique. C'est ce que nous montre la tradition littéraire des voyages au Purgatoire de saint Patrice en Irlande, qui constitue, à notre avis, le grand paradigme du voyage corporel au XIIe s.” (Wilde, 2000, p.63).

causalidade, e non a casualidade, un dos motores máis fiables da análise filolóxica e da súa heurística, que permite establecer relacións e filiacións textuais alí onde parecería complicado telas achado. Deste xeito, a problemática da corporalidade no *L'Espurgatoire Seint Patriz* preséntase como unha desas cuestións que, pola súa singular natureza, entronca directamente con outros campos do saber, aos que tamén deberemos demandarlle algunha resposta satisfactoria. Para nós parece claro que, se ao longo de seis séculos, como mínimo, os relatos medievais ao máis alá mantiveron constante este recurso da saída corporal da alma, o feito de que o *L'Espurgatoire* alterara este trazo fundamental debe estar necesariamente relacionado, polo menos, cunha concepción da antropoloxía humana que está sufrindo unha mutación, cunha ética que pode estar sufrindo un desprazamento ou, en definitiva, cunha metafísica e cunha teoloxía que están posibilitando, de fondo, o nacemento dun terceiro espazo para a purgación⁹.

1. O *descensus* e a tradición de visións

En opinión da profesora Pilar GonzálezS (1999, p.130), o recurso literario da catábase, ou descenso ao inframundo, é unha constante na historia das crenzas funerarias de todas as civilizacións do mundo dende as épocas máis remotas. Este modelo é posible atopalo xa na literatura babilónica e sumeria do segundo milenio a.C. con *A morte de Ur-Nammu*, por exemplo, que foi fixada por escrito aproximadamente no ano 2094 a.C., con *Nergal e Ereshkiga, co Descenso de Ishtar aos Infernos* (Pomel, 2001, pp.17-18) e, especialmente, coa *Epopoea de Gilgamesh*, que ten unha datación aproximada que nos remonta ao ano 2300 a.C. (Cifuentes, 2000). As tradicións escatolóxicas da antiga Mesopotamia ían permeabilizar así mesmo nas prácticas e representacións mentais da cultura grega, cuxa mitoloxía aportaría un nutrido número de exemplos sobre as incursións dos seus deuses no Hades. Así o fixeron Teseo, Heracles, Ulises, Orfeo, Odiseo e Eneas, dos que sobresaen estes dous últimos pola súa influencia na literatura latina e vernácula posterior (Brioso, 1995; GonzálezM, 1998; Segura, 1995). A mediados do século XII, por exemplo, uns vinte anos antes de que fora escrita a primeira versión latina do *Purgatori Sancti Patricii*, un clérigo anónimo de orixe francés realiza unha adaptación da *Eneida* de Virxilio que terá unha importante difusión por toda Francia e o alén. Aínda no século XIV, na obra cume da literatura de visións medieval, a *Commedia* de Dante, este autor toma a Virxilio como guía para que o oriente e o ampare no *Inferno* e no *Purgatorio*, afirmando que aquel foi o seu gran mestre en poesía.

Así e todo, como ben ten indicado o latinista galego Díaz y Díaz na súa obra sobre os relatos de visións da Galiza medieval, esta clase de narracións, malia que poidamos atopar a súa xénese nas culturas máis antigas, “adquieren un nuevo desarrollo en los medios cristianos” (Díaz y Díaz, 1985, p.10), combinando as necesidades desta nova fe con algúns dos elementos daquelas vellas mitoloxías, e favorecendo, deste xeito, “unas representaciones que van a tener un gran eco” (Díaz y Díaz, 1985, p.10). Segundo comenta, por outra banda, o profesor Giosuè Lachin, ao finalizar o primeiro século d.C. a especulación teolóxica cristiá tiña xa introducido no pensamento escatolóxico unha serie de contrariedades sobre o destino

9 Sobre esta cuestión, o historiador francés J. Le Goff sigue sendo un referente fundamental (1985).

10 “Fino dai primi secoli dell’era cristiana, la speculazione teologica aveva introdotto una serie di polarità in ordine al destino che attendeva l’uomo dopo la morte. Dal punto di vista cronologico temporalità ed eternità, che nel mondo classico si intrecciavano nell’eterno ritorno, vennero nettamente distinte, e assegnate l’una a questo mondo, l’altra all’aldilà” (Lachin, 2003, p.9).

do ser humano trala morte¹⁰, que o enfrontaban directamente a unha importante variedade de crenzas herdadas da primeira latinidade ou do helenismo clásico. Unha reflexión que, en opinión de J. Le Goff (1985, p.76), aparece manifestada e influenciando na primeira carta de Paulo aos Corintios 3.10-15, no *Soño de Daniel* (1, 7 e 9) e, en menor medida, na concepción de Oríxenes sobre o lume purificador ou no *refrigerium* de Tertuliano.

Neste ambiente apocalíptico e soteriolóxico do nacente cristianismo é onde van xurdir un conxunto de escritos, considerados apócrifos na súa maioría, que tratarán de dar resposta e de conxugar os principais interrogantes de natureza escatolóxica que aflixían ás almas das primitivas comunidades cristiáns¹¹. As características estruturais e temáticas destas narracións, que adoptaron fundamentalmente a configuración formal dos *apocalipses* e as *paixóns*, supoñen, non obstante, un punto e aparte con respecto á posterior tradición medieval dos relatos de visións, con especial relevancia no concenrente á consideración do corpo e a súa relación co máis alá. Neste sentido, Claude Carozzi, na súa tese de doutoramento, advirte dun dato fundamental: cando nós pensamos acerca da alma, estámonos a referir inconscientemente a unha concepción neoplatónica da antropoloxía humana á que lle atribuímos o monopolio de toda a nosa actividade psicolóxica e *noética* (Carozzi, 1994, pp.26-27). Pero este feito, que tan correntemente nos leva a mesturar as vetustas concepcións antropolóxicas e metafísicas da Antigüidade tardía, non *ía de por si*, en palabras daquel autor, nas mentalidades pagáns ou cristiáns dos primeiros séculos. Como indica Fabienne Pomel (2001, p.26), os apocalipses cristiáns revelan experiencias extáticas diversas, como acontece no *Pastor de Esdras*, na *Pasión de Perpetua* ou na *Visio sancti Pauli*, que poden levarse a cabo con manifestacións que se presentan tanto *in corpore* como *in spiritu*. Na *Visio Sancti Pauli*, por exemplo, o protagonista en ningún momento abandona o seu corpo, pese a que neste relato se describa unha translación física efectiva ao Inferno con obxecto de coñecer as penas que alí se acometían.

A definición máis nítida da natureza bifronte do ser humano, que legará unha pegada fundamental a todo o occidente cristianizado e á maior parte dos relatos de visións da época medieval, é o resultado da inmensa tarefa de síntese entre o pensamento clásico e as particularidades da nova fe que levou a cabo Agostiño de Hipona a finais do século IV e comezos do V d.C. Este autor, convencido da veracidade do dualismo platónico que escinde ao ser humano entre unha alma e un corpo¹², vai opoñerse con entusiasmo a certas concepcións do estoicismo común, que afirmaban, nas súas múltiples variantes, que a alma se identificaba dalgún xeito trala morte coa natureza carnal do noso corpo.

Deste xénero foron, por exemplo, os escritos de Clemente de Alexandría (s. II-III), as *Homilias* de Pseudo-Macario (fins. s. IV) ou as reflexións de Tertuliano (s. II-III), ás que Agostiño vai opoñerse dun xeito especial (Carozzi, 1994, pp.25-27 e p.129). Agora ben, a gran orixinalidade deste filósofo ao respecto da escatoloxía cristiá, sobre a que se sustentarán as visións descritas posteriormente por Gregorio Magno no libro IV dos seus *Diálogos* (visións, por certo, que se converterán na fonte de todas as que terían por vir; Pomel, 2001, p.30), non devén unicamente, como ten indicado J. Le Goff no *Nacemento do Purgatorio*, das

11 De entre todos eles, o denominado *Evanxeo de Nicodemo* garda un posto prioritario na tradición cristiá do *descensus ad inferos*. Véxase o texto en Santos, 2000. Para maior información (Gounelle, 2000).

12 “En efecto, elegimos a los platónicos, con razón los más ilustres entre todos los filósofos, porque pudieron comprender que el alma humana, aunque inmortal y racional o intelectual, no puede ser feliz sin la participación de la luz de aquel Dios por el que tanto ella misma como el mundo fueron creados” (Agustín, 2012, p.132).

13 O historiador indica que “la importancia de Agustín, en este caso, procede ante todo de su vocabulario que se impondrá ampliamente en la Edad Media. Hay tres términos esenciales: los adjetivos *purgatorius*, *temporarius* o *temporalis*, y *transitorius*”, (Le Goff, 1985, p.82).

súas reflexións sobre o *ignis purgatorius* ou lume purgatorio¹³, que purifica as almas dos pecadores. A principal novidade que este Pai da Igrexa presenta atópase, polo que a nós concirne, nas súas consideracións sobre o Xuízo Final e a temporalidade, que dotarán ao *outro* mundo dunha consistencia metafísica e teolóxica semellante a *este* mundo. Só deste xeito poderá facer aparición aquel ardor expiatorio que é analizado por Le Goff.

No libro XIII do *De Civitate Dei*¹⁴, o teólogo reflexiona sobre a morte e a escatoloxía cristiá. Neste lugar, como en tantos outros, afirmase que a alma é inmortal, mesmo despois do deceso do corpo, “porque en cierta medida [a alma] no deja de vivir ni de sentir [tralo óbito], mientras que al cuerpo se le llama mortal porque puede ser abandonado totalmente por la vida y no es capaz de vivir por sí mismo en absoluto” (Agustín, 2012, p.341). Pero isto supón que, en consecuencia, o ser humano poida sufrir catro tipos distintos de mortes (Carozzi, 1994, pp.14-34) e vivir tres clases de vidas: unha vida anterior á morte corporal, definida pola carne e o pecado; unha vida espiritual, en alma, dentro da morte, antes da Resurrección eterna; e, finalmente, unha vida beatífica, de novo en conxunción co corpo, tralo Xuízo Final¹⁴. O principal problema que supón para Agostiño esta tripartición preséntase, non obstante, ao tratar de definir e dilucidar cales son as principais particularidades da vida da alma unha vez separada do corpo, así como a medida en que nós podemos chegar a coñecelas. En *De cura pro mortuis gerenda* (ou *Da piedade cos defuntos*; Agustín, 1995), o filósofo responde a esta cuestión, mostrándose bastante escéptico ao respecto das nosas capacidades para elucidar o contido exacto da vida posterior á morte; a inefabilidade do máis alá supón para el unha importante restrición ao noso coñecemento terrestre, que só poderemos superar no acto litúrxico da comunión cos mortos ou a través as preces que lles consagramos, agardando que sexan da súa axuda.

Así e todo, a solución achegada polo de Hipona a esta cuestión representa, segundo cremos, un importante momento para a lexitimación dos relatos de visións medievais. Reflexionando a propósito do Xuízo Final, no primeiro capítulo do libro XX do *De Civitate Dei*, este autor explica que cando “nosotros, al citar el día del juicio, añadimos [o epíteto de] “último” o “final”, puesto que también ahora juzga Dios, y ha juzgado desde el comienzo del género humano” (Agustín, 2006, p.869); é dicir, que con esta breve puntualización, o filósofo está a realizar unha operación de analoxía pola que introduce ao tempo, á temporalidade, no seo da vida trala morte, en espera do derradeiro día no que se alcance a inmortalidade beatífica do Paraíso. Pero isto significa que todas as almas, unha vez desencarnadas, pasan a comezar unha nova vida espiritual que vén definida pola duración, como gustan de dicir os franceses, polo tempo. Unha vida que, malia a ser temporal, non é espacial, pois aínda non existe ningún *topos* no que se poida desenvolver esta actividade. En palabras de Carozzi (1994, pp.22-23), “l’âme, en position médiane entre le corps et Dieu, n’est pas muable dans l’espace, mais seulement dans le temps. Ayant quitté son corps, elle n’est plus muable dans l’espace mais, tant qu’elle n’a pas rejoint Dieu complètement, elle l’est sans doute encore dans le temps”.

14 “Como se establecen tres etapas cuando se dice *antes de la muerte, en la muerte, después de la muerte*, así corresponden otros tres estados para cada uno *viviendo, muriendo y muerto*” (Agustín, 2012, p.355).

2. A conflictividade do corpo en *L'Espurgatoire Seint Patriz*

Con isto Agostiño tiña xa establecido case todos os elementos esenciais para o futuro desenvolvemento da literatura de visións medieval (e a súa antropoloxía), que atopará o seu principal impulso nos *Diálogos* de Gregorio Magno. Nesta obra, en concreto no seu libro IV, escrito entre os anos 593 e 594 baseándose na doutrina escatolóxica agustiniana (Lachin, 2003, p.23), o papa relata algunhas experiencias extracorpóreas experimentadas por personaxes da Italia da súa época, que servirán de referencia ineludible durante practicamente toda a Idade Media, como *auctoritas* dentro do sistema xerárquico do saber medieval¹⁵. *L'Espurgatoire Seint Patriz*, por exemplo, a finais do século XII, tanto na súa variedade latina como vernácula, aínda contén referencias explícitas a ámbolos dous autores, co motivo de fundamentar teoloxicamente a súa narración. Ao comezo desta obra podemos ler o seguinte:

Mulz essamples nus met avant seint Gregoirë en sermunant des espiriz qui sunt es cors e des autres qui sunt defors e des choses qui sunt nuisables, horribles e espoüntables (vv. 31-36)	'Dans ses sermons St Grégoire nous donne de nombreux exemples d'esprits qui habitent les corps et d'autres qui sont sans enveloppe charnelle, et de choses dangereuses, horribles et épouvantables'
--	--

Unkor(e) nus dit apertement ke plusurs almes veirement, enz ke des cors puissent partir, veient ke lur est a venir [...] Plusurs des almes veirement veient, devan lur finement, avisüens e sunt ravies (vv. 61-64, 69-71)	'St Grégoire nous dit encore clairement, que beaucoup d'âmes, avant de quitter leur corps, voient vraiment ce qui leur arrivera [...] Un certain nombre d'âmes ont, de leur vivant, en verité, des visions et sont ravies hors de leur enveloppe charnelle'
--	---

Aillurs nus dit Seint Aüstins, [...] ke plusurs almes sunt gardees par divers lius e escunsees ou en repos ou en dolur, selunc lur oeuvre e lur labur. Issi serrunt desk'a l'asise, ke Deus vendrat al grant juïse (vv. 143-150)	'Quelque part dans ses oeuvres, St Augustin, [...] nous dit que beaucoup d'âmes sont gardées et cachées en divers lieux soit dans le repos soit dans la douleur selon leurs actions et leurs oeuvres. Elles resteront là jusqu'au tribunal où Dieu viendra au Jugement dernier'
--	--

Non obstante, entre a primeira parte do relato, no prólogo, onde se atopan estas alusións, e a posterior exposición do descenso do cabaleiro Owein ao Purgatorio e ao Paraíso podemos observar a existencia dun importante desequilibrio, dunha contradición interna entre os varios núcleos discursivos que compoñen a obra, que reafirma a problematicidade que supón para esta tradición literaria a introdución da corporalidade humana no seo do máis alá. Nestas referencias que acabamos de mencionar, cuxa funcionalidade principal é a de sustentar teolóxica e metafisicamente toda a narración posterior, en todo momento se procura ratificar a posibilidade dunha viaxe espiritual ao máis alá que se realizaría sempre mediante a alma, non mediante o corpo. Unha alma que, ademais, sufrirá as penas purgatorias ou as dores do inferno por si mesma, *como se* estivera no mundo material:

¹⁵ Para maior información sobre a autoría de *L'Espurgatoire Seint Patriz*, atribuído a María de Francia, e as importantes reformas que esta obra supón en relación ao sistema xerárquico da *auctoritas* medieval (Collazo, 2015).

puis repeirent as cors en vies,
 e mustrent ço ke un veü
 [...]
 Il veien espiritelment
 ço ke semble corporelment

(vv. 72-73, 77-78; a cursiva é nosa)

‘Puis elles reviennent dans leur corps qui
 retrouve la vie,
 et décrivent ce qu’elles ont vu:
 [...]
 Le monde spirituel apparaît aux visionnaires
semblable au monde matériel’

No caso de *L'Espurgatoire Seint Patriz*, o seu protagonista, o cabaleiro Owein, acude realmente ao Purgatorio utilizando para iso o seu corpo, non semellando ser material. Mais isto significa que nesta obra se acaba por romper aquel fenómeno instaurado por Gregorio Magno sobre a morte aparente ou morte temporal, que nas súas trazas filosóficas era unha herdanza do neoplatonismo de Agostiño de Hipona. Os corpos, segundo este recurso literario, aletargados por algunha enfermidade e febrís pola súa condición mortal, restaban inanimados sobre o seu leito, mentres á alma se lle desvela un coñecemento do que lle era preciso dispoñer para restablecer a súa saúde espiritual. O pecado, polo tanto, era competencia exclusiva da alma humana, como unha mancha que só acontecía na parte espiritual, á que lle correspondía sufrir e vivir en penitencia trala morte carnal. Así é como podemos comprobar que, deste xeito, o dualismo agustiniano estivo activo durante seis séculos (s. VI-XII) nas visións medievais, diferenciando aquelas dúas realidades ás que pertence o ser humano: a material e a inmaterial. O tránsito entre un e o outro mundo, por outra banda, viña posibilitado gracias á “continuidade” e á “contigüidade” temporal, en palabras de G. Lachin (2003, p.28), do que o dotaran as reflexións de Agostiño de Hipona sobre o Xuízo Final. Unhas reflexións que, como indicamos, estableceron unha temporalidade intermedia na que viven as almas dos falecidos, antes de alcanzar o gozo da beatitude eterna ou as penas atroces do inferno.

Todo isto áchase crebado no *L'Espurgatoire Seint Patriz*. Aquí Owein enfróntase con todo o seu ser aos demos do inframundo, a risco de perderse a si mesmo por completo e de permanecer sen posibilidade de retorno:

Ci venez pur vus espurgier
 de voz pechiez e alegier;
 barnilment t'estot cuntenir
 ou ici t'estuvrat perir:
 cors e alme en perdicün
 larras sanz fin de raançun
 (vv. 723-728; a cursiva é nosa)

‘Toi qui es venu ici pour te purifier
 et t'alléger de tes péchés,
 il faudra te conduire avec courage,
 ou tu devras ici périr:
perdre à jamais corps et âme
 sans espoir de rançon’

Des armes Deu s'est bien armez
 e bien guarniz e aturnez:
 hauberc de justise out vestu,
 par quei le cors out defendu
 de l'engin de ses enemis
 (vv. 797-801; a cursiva é nosa)

‘Il s'est bien muni des armes divines,
 bien fortifié et bien équipé:
 il s'est vêtu d'une cotte de mailles faite de
 Justice
qui lui défendra le corps
 contre la ruse de ses enemis’

Grant grace devum rendre a vus
 ke vifs estes venuz a nus
 [...]
 quant vus n'attendistes la mort
 (vv. 855-858; a cursiva é nosa)

‘Nous devons vraiment vous rendre grâce
d'être venu à nous de votre vivant.
 [...]
 puisque vous n'avez pas attendu la mort’

Si dedenz cest pui vus metez,
 e cors e alme perirez
 Ç'aens vus estovra venir
 s'a nus ne volez obeir
 (vv. 1285-1288; a cursiva é nosa)

‘Si vous allez dans ce puits,
vous périrez corps et âme.
 C'est là qu'il vous faudra venir
 si vous ne voulez pas nous obéir’

Mais, malia que nestas pasaxes se faga referencia á corporalidade dun modo explícito, tamén é posible atopar dentro do texto unha amalgama de contradicións sobre este asunto, que, segundo consideramos, son a manifestación dunha inestabilidade no concernente á antropoloxía humana que non será resolta ata que unha nova perspectiva metafísica, a aristotélica, faga aparición nos ambientes intelectuais e escolásticos do século XIII. O exemplo máis notorio deste desequilibrio atopámolo, ao noso modo de ver, na petición que o protagonista do relato lle realiza aos arcebispos que solicitamente se prestaran a elucidar a natureza das súas vivencias (“Nous vous expliqueron [maintenant] le sens / de ce que vous avez vu”, vv. 1686-1687). Owein suplica:

Ne sai ke me remaint ici, si cum(e) jo sui, par Deu merci. Li dui arceveske unt parlé: N’ert pas, frere, a ta volenté (vv. 1865-1868; a cursiva é nosa)	‘Par la grâce de Dieu, je désire seulement qu’Il me laisse <i>ici tel que je suis</i> . Les deux archevêques lui dirent: Frère, <i>il ne sera pas fait selon ta volonté</i> ’
---	--

O cabaleiro desexa permanecer no Paraíso terrestre, nese estado de felicidade e boaventura, *tal como el é*, tal e como el *está sendo* nese mesmo intre, isto é, enteiramente corporal. Mais esa decisión, indícalle o arcebispo, non lle cumpre a el resolvela; naquel lugar só habitan as almas purgadas dos falecidos:

seiez seür certainement, après vostre mort revendrez en la joie que vus veiez (vv. 1848-1850; a cursiva é nosa)	‘soyez absolument certain qu’après <i>votre mort</i> vous reviendrez dans ce séjour de joie’
--	--

Mes pur iço ke nus pechames e de pechie nus encombrames, le nus estut espeneür, einz ke ici puissons venir e estre en l’espurgacín selunc iço ke fait avon. La penitence ke preïmes, que devant la mort ne feïmes (vv. 1721-1728; a cursiva é nosa)	‘Mais comme nous avons commis des fautes et que nous étions encombrés de péchés, avant de pouvoir venir ici, il nous a fallu les racheter et demeurer dans ce lieu d’expiation aussi longtemps que nous le méritions. La pénitence que nous avons reçue et que nous n’avons pas faite <i>avant de mourir</i> ’
---	---

Trátase dunha situación paradoxal que reflicte dous movementos contrarios sobre a consideración escatolóxica do corpo. Por unha banda, estase permitindo a entrada da carne humana e da súa intrínseca natureza finita no Paraíso terrestre, co obxectivo de ser informado das particularidades dese outro mundo que lle agarda ao seu espírito trala morte. Pero, por moito que o cabaleiro desexe permanecer naquel estado, *tal e como é*, só ao sucederse o seu óbito a súa condición inmaterial terá a capacidade para acceder á benaventuranza da convivencia con Deus. E isto é unha mostra moi significativa, como podemos comprobar, dunha dobre concepción do corpo que, se ben non impide ao protagonista coñecer a gloria eterna, tampouco o habilita para permanecer na súa morada. Owein deberá agardar a que a súa defunción quebre a súa impureza constitutiva (pois aquelas impurezas de carácter adquirido, os pecados, son obxecto da actividade que se desenrola no Purgatorio), o corpo, que lle será restituído e purgado, como xa indicara Agostiño de Hipona, o día do Xuízo Final.

Mais, sexa como fora, esta consideración negativa do corpo reafírmase, por outra banda, cando o noso penitente se atopa no Purgatorio, sufrindo os rigores do noveno tormento. Nesta ocasión, achándose fronte a un pozo en chamas que, segundo indica un dos demos que alí o trasladara, correspondía á entrada do Inferno, este indícalle a posibilidade de ser preso para toda a eternidade *tal como é*, nas profundidades daquel forno eterno:

Veez vus cest pui flambeant? Cest l'entree d'enfer ardent. Ici est nostre mansions; finablement çanz serruns. Pur ço ke servi nus avez, ensemble od nus çaens serrez; e tuit cil qui nus servirunt tous jurs sans fin ci remeindrunt. Si dedenz cest pui vus metez, e cors e alme perirez. Çaens vus estovra venir, s'a nus ne volez obeir	'Voyez-vous ce puits flambant? C'est l'entrée de l'enfer ardent. Notre demeure est ici; <i>c'est là que nous irons pour l'éternité.</i> Parce que vous nous avez servi, <i>vous y viendrez avec nous;</i> et tous ceux qui nous serviront, demeureront éternellement ici. <i>Si vous allez dans ce puits,</i> <i>vous périrez corps et âme.</i> C'est là qu'il vous faudra venir si vous ne voulez pas nous obéir.'
---	--

(vv. 1277-1288; a cursiva é nosa)

Nesta ocasión, a imposibilidade virtual para permanecer eternamente co corpo nun topos escatolóxico disípase, probablemente a causa da tradicional apreciación espuria que Agostiño de Hipona legara sobre este elemento á posteridade cristiá e aos relatos de visións medievais. Neste caso, o corpo, pola súa imperfección, pode permanecer no inferno por toda a eternidade, porque é alí onde habita todo o defectuoso, percedoiro e inmoral. O paraíso, pola súa banda, aínda non admite no seu interior á corrupción do corpo humano, reservando os seus gozos eternos para unha esencia pura e en comunión co Verbo divino.

Conclusión

Por todo isto concluímos que, se ben a introdución da nosa natureza carnal no miolo do outro mundo pode facernos pensar, como P. de Wilde (2000), que *L'Espurgatoire Seint Patriz* xa non pertence á tradición das visións medievais, o certo é que esta tensión interna que tratamos de evidenciar ao respecto da concepción antropolóxica do ser humano incítanos a valorar a esta obra como máis próxima aos relatos da morte aparente e aos das revelacións en espírito que ao xénero literario das viaxes corpóreas, sexa por un territorio coñecido, como no caso do *Mío Cid*, por un territorio descoñecido, como o *Libro de Marco Polo*, ou por paraxes espirituais, como o *Apocalipse* apócrifo de *Paulo*. O *L'Espurgatoire* representa, deste xeito, unha novidade dentro da tradición, pero non pode ser considerado como un lugar aparte na historia do seu desenvolvemento.

Bibliografía

- Agustín, (1995) *De la piedad con los difuntos*. En *Obras Completas de San Agustín*, Madrid: Editorial Católica.
- Agustín (2006) *La Ciudad de Dios*. Madrid: Homo Legens.
- Agustín (2012) *La Ciudad de Dios. Libros VIII-XV*. Madrid: Gredos.
- Amat, J. (1985) *Songes et visions: l'au-delà dans la littérature latine tardive*. Paris: Études Augustiniennes.
- Aubrun, M. (1980) "Caractères et portée religieuse et sociale des Visions en Occident du VIe au XIe siècle". *Cahiers de Civilisation Médiévale*, 23 (90), 109-130.
- Barillari, S.M. (Ed.) (2004) *Il purgatorio de San Patrizio*. Alessandria: Edizioni dell'Orso. Edición paleográfica.
- Bartoli, R.A. (1993) *La Navigatio Sancti Brendani e la sua fortuna nella cultura romanza dell'età di mezzo*. Fasano: Schena.
- Bec, P. (1979) "Trobairitz et chansons de femme. Contribution à la connaissance du lyrisme féminin au moyen âge". *Cahiers de civilisation médiévale*, 87, 235-262.
- Bogin, M. (Ed.). (1978) *Les femmes troubadours*. Paris: Denoël/Gonthier.
- Brioso S., M. (1995) "El concepto del Más Allá entre los griegos". En P. M. Piñeiro Ramírez (Ed.) *Descensus ad inferos: la aventura de ultratumba de los héroes (de Homero a Goethe)* (pp. 13-53). Sevilla: Universidad.
- Bruckner, M. T. (1992) "Fictions of the female voice: The women troubadours". *Speculum. A journal of medieval studies*, 67 (4), 865-891.
- Carozzi, Cl. (1994) *Le voyage de l'âme dans l'au-delà d'après la littérature latine: (Ve-XIIIe siècle)*. Roma: École Française de Rome.
- Cifuentes C., D. (2000) "La Epopeya de Gilgamesh y la definición de los límites humanos". *Daimon: revista de filosofía*, XX, 25-34.
- Collazo R., Ó. (2015) "L'Espurgatoire Seint Patriz de Marie de France: reflexiones sobre su 'autoría'". En M. Martín Clavijo et al. (Eds.) *Locas. Escritoras y personajes femeninos cuestionando las normas* (pp. 333-348). Sevilla: ArCibel.
- Corbella D., D. (1991) "El Viaje de San Brandán: una aventura de iniciación". *Revista de Filología Románica*, VIII, 133-148.
- Corbella (1994) "La caracterización del viaje iniciático en los textos medievales: el viaje al Más Allá desde San Brandán de Benedeit a La Faula de Torroella". En T. Blesa, M^a T. Cacho et al. (Eds.) *Actas del IX Simposio de la SELGYC*, t. II (pp. 331-338). Zaragoza: Universidad.
- Corbella (1996) "El mito de San Borodón: entre la realidad y la fábula". En F. Carmona y A. Martínez (Eds.) *Libros de viaje, Actas de las Jornadas sobre "Libros de viaje en el mundo románico"* (pp. 127-135). Murcia: Universidad.
- Díaz y Díaz, M. C. (1985) *Visiones del Más Allá en Galicia durante la alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. Edición paleográfica.
- Dinzelbacher, P. (1981) "Vision und Visionsliteratur im Mittelalter. En A. Hiersemann" (Ed.) *Monographien zur Geschichte des Mittelalter (XXIII)*. Stuttgart: Brepols Publishers.

- Ebel, U. (1968) "Die literarischen Formen der Jenseits- und Endzeitvisionen". En H. R. Jauss et al. (Eds.) *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters* (t. VI (1): La littérature didactique, allégorique et satirique, pp. 181-215). Heidelberg: Winter.
- González M., J. A. (1998) "Elementos bíblicos en la *Navigatio Sancti Brendani*: la numerología". En M. Pérez González (Coord.) *Actas del II Congreso Hispánico de Latín Medieval*, vol. II (pp. 531-536). León: Universidad.
- González S., P. (1999) "Catábasis y resurrección. Espacio, tiempo y forma; Serie II". *Historia Antigua*, 12, pp. 129-179.
- Gounelle, R. (2000) *La descente du Christ aux enfers. Institutionnalisation d'une croyance*. Paris: Institut d'Études Augustiniennes.
- Lachin, G. (Ed.) (2003) *Il Purgatorio di San Patrizio*. Roma: Carocci. Edición paleográfica.
- Le Goff, J. (1985) *El nacimiento del purgatorio*. Madrid: Taurus.
- Magno, G. (2010) *Vida de San Benito y otras historias de santos y demonios*. Diálogos. Madrid: Trotta.
- Orlandi, G. (Ed.) e Guglielmetti, R. (trad.). (2014) *Navigatio sancti Brendani: alla scoperta dei segreti meravigliosi del mondo*. Firenze: SISMELE, Edizioni del Galluzzo.
- Owen, D. (1970) *The vision of Hell: infernal journeys in medieval French literature*. Edinburgh: Scottish Academic Press.
- Paden, W. D. (Ed.) (1989) *The voice of the trobairitz. Perspectives on the women troubadours*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- Patch, H. R. (1956) *El Otro Mundo en la literatura medieval*. México: FCE.
- Pomel, F. (2001) *Les voies de l'au-delà et l'essor de l'allégorie au Moyen Âge*. Paris: Honoré Champion.
- Pontfarcy, Y. de. (Ed.) (1995) *L'Espurgatoire Seint Patriz. Nouvelle édition critique accompagnée du De Purgatorio Sancti Patricii (éd. De Warnke), d'une introduction, d'une traduction, de notes et d'un glossaire*. Paris: Uitgeverij Peeters. Edición paleográfica.
- Rieger, A. (Ed.). (1991) *Trobairitz. Der Beitrag der Frau in der altokzitanischen höfischen Lyrik*. Tübingen: Niemeyer.
- Riquer, I. de. (1994) "Tota dona val mays can letr'apren: las trobairitz". En A. Carabí & M. Segarra (Eds.) *Mujeres y literatura* (pp. 19-38). Barcelona: PPU.
- Santos O., A. de (Trad.). (2000) *Los Evangelios Apócrifos: colección de textos griegos y latinos: versión crítica, estudios introductorios y comentarios*. Madrid: Editorial Católica.
- Segre, C. (1990) *Fuori del mondo: i modelli nella follia e nelle immagini dell'aldilà*. Torino: Einaudi.
- Segura R., B. (1995) "Descensus ad inferos. Mundo Romano". En P. M. Piñeiro Ramírez (Ed.) *Descensus ad inferos: la aventura de ultratumba de los héroes (de Homero a Goethe)* (pp. 55-74). Sevilla: Universidad.
- Vázquez G., T. (2015) "Alamanda: Trobairitz marginada y olvidada". En M. Martín Clavijo et al. (Eds.) *Locas. Escritoras y personajes femeninos cuestionando las normas* (pp. 1656-1670). Sevilla: ArCibel.
- Wilde., P. de (Ed.) (2000) *Le Purgatoire de Saint Patrice. Origines et naissance d'un genre littéraire au XIIe siècle*. Antwerpen: Université d'Anvers. Edición paleográfica